# RUTA DA ESCRITA

Tipo de percorrido: lineal
Lonxitude: 6,2 km
Duración estimada: 2 horas aprox.
Dificultade: Baixa

Ruta lineal que comeza no conxunto histórico de Castro de Rei e remata na parroquia de Coea.
Atravesa agras, intérnase por carballeiras, coroa o monte da Escrita, pasa a carón de fontes, esborrexe por fondas corredoiras, atravesa ríos e discorre caladamente polo fermoso conxunto histórico e pintoresco da Vila de Castro de Rei con sorprendentes e serpeantes recunchos.
Esta ruta ten un percorrido de pouca dificultade xa que discorre por terreo practicamente cha, agás o pequeno tramo de subida e baixada ó Monte da Escrita.
Nos seus, aproximadamente, 6 km de lonxitude irémonos atopando con diversos poemas de distintos autores e autoras chairegas vivos e mortos.
O nome da Escrita venlle dado por este monte da parroquia de Santa Locaia, xa que pasa por el e desde o que se contempla unha das paisaxes máis fermosas e máis completas da Terra Chá. Mesmo se albiscan as súas lindes: A Serra da Cova da Serpe, o parque eólico de Xermade, o Cadramón, a Corda, a serra de Meira...
No cumio deste monte está emprazado o monumento ó Sagrado Corazón co senlleiro Via Crucis que dende a igrexa parroquial ascende ata o cumio.


ÁREA FLUVIAL DE CASTRO DE REI

Ruta lineal que empieza en el conjunto histórico de Castro de Rei y acaba en la parroquia de Coea.
Atraviesa tierras cultivadas, se interna en bosques de robles, corona el monte de A Escrita, pasa al lado de fuentes, se escurre por hondos caminos, atraviesa ríos y discurre silenciosa por el hermoso conjunto histórico y pintoresco de la Villa de Castro de Rei con sorprendentes y serpenteantes rincones.
Esta ruta tiene un recorrido de poca dificultad ya que discurre por terreno prácticamente llano, exceptuándo el pequeño tramo de subida y bajada al Monte de A Escrita.
En sus, aproximadamente, 6 km de longitud nos iremos encontrando con diversos poemas de distintos autores y autoras de la Terra Chá, vivos y muertos.
El nombre de A Escrita le viene dado por este monte de la parroquia de Santa Locaia, ya que pasa por él y desde el que se contempla uno de los paisajes más hermosos y más completos de la Terra Chá. Incluso se divisan sus lindes: la sierra de A Cova da Serpe, el parque eólico de Xermade, el Cadramón, la Corda, la sierra de Meira...
En la cumbre de este monte está emplazado el monumento al Sagrado Corazón con el singular Via Crucis que, desde la iglesia parroquial, asciende hasta la cima.


LOUSA NA RUTA

## A PAISAXE DA TERRA CHÁ

A paisaxe de Galicia atópase recoñecida como un dos principais valores da comunidade autónoma.
A Xunta de Galicia rematou a categorización das paisaxes dividindo o territorio autonómico en 12 Grandes Áreas Paisaxísticas de Galicia.
O concello de Castro de Rei e a maior parte do concello de Outeiro de Rei atópanse incluídos dentro das "Chairas e Fosas Luguesas" que abranguen diferentes situacións incluíndo as grandes chairas e os vales do interior da provincia de Lugo así como as serras que os rodean.
A paisaxe de Castro de Rei é a máis representativa da Terra Chá.
Nesta área a planicie do relevo inflúe fortemente na configuración da paisaxe e na propia ocupación e aproveitamento do territorio. Xunto coas serras que a limitan polo norte e o oeste e a extensa rede hidrográfica cos seus difusos límites xeográficos conforman un conxunto singular da paisaxe de Galicia.

## EL PAISAJE DE A TERRA CHÁ

El paisaje de Galicia se encuentra reconocido como uno de los principales valores de la comunidad autónoma.
La Xunta de Galicia resolvió la categorización de los paisajes dividiendo el territorio autonómico en 12 Grandes Áreas Paisajísticas de Galicia.
El ayuntamiento de Castro de Rei y la mayor parte del ayuntamiento de Outeiro de Rei se encuentran incluidos en las grandes llanuras y los valles del interior de la provincia de Lugo así como las sierras que los rodean.
El paisaje de Castro de Rei es el más representativo de la Terra Chá.
En esta área la planicie del relieve influye fuertemente en la configuración del paisaje y en la propia ocupación y aprovechamiento del territorio.
Junto con las sierras que la limitan por el norte y el oeste y la extensa red hidrográfica con sus difusos límites geográficos conforman un conjunto singular del paisaje de Galicia.


PAISAXE CHAIREGA


RÍO AZÚMARA

## LUGARES DE INTERESE TURÍSTICO Ó LONGO DA RUTA

Destacaremos como lugar de interese turístico mais importante ó longo da ruta o conxunto formado pola igrexa parroquial de Santa Locaia, o viacrucis que se atopa ó seu carón e o maxestoso monumento ó Sagrado Corazón no cumio do Monte da Escrita.
Dende a igrexa parroquial de Santa Locaia sae en liña recta un camiño cara ó cume do Monte da Escrita. Na marxe esquerda deste camiño están chantadas as 14 estacións dun viacrucis modernista de pedra con placas de bronce que ilustran as etapas da Paixón de Cristo, único en toda a provincia de Lugo. Este viacrucis erixiuse en 1943 por subscrición popular. No alto está o monumento ó Sagrado Corazón de Xesús, construído no 1931, con preto de 15 m de altura.

Destacaremos como lugar de interese turístico mais importante ó longo da ruta o conxunto formado pola igrexa parroquial de Santa Locaia, o viacrucis que se atopa ó seu carón e o maxestoso monumento ó Sagrado Corazón no cumio do Monte da Escrita.
Dende a igrexa parroquial de Santa Locaia sae en liña recta un camiño cara ó cume do Monte da Escrita. Na marxe esquerda deste camiño están chantadas as 14 estacións dun viacrucis modernista de pedra con placas de bronce que ilustran as etapas da Paixón de Cristo, único en toda a provincia de Lugo. Este viacrucis erixiuse en 1943 por subscrición popular.
No alto está o monumento ó Sagrado Corazón de Xesús, construído no 1931, con preto de 15 m de altura.


SAGRADO CORAZÓN E VIACRUCIS


IGREXA DE SANTA LOCAIA



# RUTA DA ESCRITA

AS RUTAS DE SENDEIRISMO DE

# AS PAISAXES DA AUGA

OUTEIRO DE REI | CASTRO DE REI

AS RUTAS DE SENDEIRISMO DE

# AS PAISAXES DA AUGA

OUTEIRO DE REI — CASTRO DE REI

## RUTA DA ESCRITA

Inicio/Fin:
Ruta CIRCULAR desde
CONXUNTO HISTÓRICO de CASTRO DE REI
á PARROQUIA DE COEA
Dificultade:
BAIXA
Duración estimada:
2 horas

6,2 km




**RUTA DA ESCRITA**

**Otras / Outras Rutas**
- Ruta do Azúmara

**Carreteras / Estradas**
- Estatales / Estatais
- Autonómicas
- Provinciales / Provinciais
- Municipales / Municipais
- Caminos / Camiños

**Recursos Turísticos**
1. Iglesia/Igrexa de San Pedro de Bazar _ 500m
2. Muiño de Acea _ 200m
3. Puente / Ponte de Oroxe _ 90m
4. Capilla / Capela de San Rosendo _ 300m
5. Monte de A Escrita _ 350m
6. Monumento al Sagrado Corazón de Jesús
7. Via Crucis en Santa Locaia
8. Iglesia/Igrexa de San Pedro de Santa Locaia
9. Conjunto/Conxunto Histórico de Castro de Rei _150m
10. Iglesia/Igrexa de San Xoan de Castro de Rei
11. Caseta del Pulpo y Campo de la Feria
12. Área Recreativa del Río Azúmara
13. Centro de Salud / Centro de Saúde _400m
14. Parque Biosaludable / Biosaudable
15. Ayuntamiento / Concello _250m
16. Pazo de Casas Novas
17. Área de autocaravanas y aparcamiento _ 1km